

Luns, 25 de marzo de 2024

Núm. 60

**ADMINISTRACIÓN LOCAL**  
**MUNICIPAL**  
**PORRIÑO, O****Persoal, oposicións**

**CONVOCATORIA PARA URXENTE SELECCIÓN E NOMEAMENTO DE FUNCIONARIOS INTERINOS PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL.**

**ANUNCIO DA CONVOCATORIA PARA URXENTE SELECCIÓN E NOMEAMENTO DE FUNCIONARIOS INTERINOS PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL.**

Mediante resolución de Alcaldía, número 2024-0640 de data 28/02/2024, aprobáronse as bases xerais e específicas teñen o seguinte por obxecto a urxente selección e nomeamento de funcionarios interinos para a execución do programa de carácter temporal denominado "Programa xestión de axudas Next Generatione UE e seguimento da Axenda Urbana e doutros programas de similar natureza".

*Sistema de selección:* CONCURSO-OPOSICIÓN.

*O número e características do persoal interino a seleccionar e nomear:* A execución do programa se levará a cabo por un equipo formado polos seguintes funcionarios interinos por programa:

Un/unha Arquitecto/a, grupo A, subgrupo A1.

Un/unha Enxeñeiro/a Técnico de Obras Públicas, grupo A, subgrupo A2.

Un/unha delineante de proxectos, grupo C, subgrupo C1.

Un/unha auxiliar administrativo, grupo C, subgrupo C2.

*Presentación de solicitudes:* As solicitudes deberán presentarse preferentemente por vía electrónica a través do rexistro electrónico do Concello de O Porriño (<http://oporrino.sedelectronica.gal>).

Alternativamente poderanse presentar en soporte papel, no rexistro xeral de documentos do concello de O Porriño, ou en calquera das formas establecidas no art. 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Se se presentan no do Rexistro xeral do Concello do Porriño o horario presencial é de 09:00 a 14:00 horas de luns a venres.

As solicitudes dirixiranse ao Sr. Alcalde do Concello do Porriño, e presentaranse no prazo de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Concello do Porriño  
**TABOLEIRO DE EDICTOS MUNICIPALES**

DOCUMENTO:

Data inicio de exposición: 25-03-2024

Data final de exposición: 10-04-2024

O Porriño, a de de



Luns, 25 de marzo de 2024

Núm. 60

*Publicidade das bases:* As citadas bases xerais i específicas publicaranse no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal [www.oporrino.org](http://www.oporrino.org).

O Porriño, o alcalde Manuel Alejandro Lorenzo Alonso. Documento asinado dixitalmente á marxe.

